

ANO XUBILAR

San Rosendo, nado no século X, foi un bispo moi importante no establecemento dos mosteiros como focos culturais da vida da comunidade e tamén desenvolveu unha grande actividade política nun axitado período da historia peninsular. Os seus restos, que reposan en Celanova, chegaron onte a Ferrol.

Ferrol adorou durante toda a xornada as reliquias de San Rosendo

Os actos do XI centenario do seu nacemento rematarán o 25 de novembro en Mondoñedo

M.A.B. / FERROL

■ Rosendo Guterres, nado nas inmediacións de Porto (Portugal) o 26 de novembro de 907, membro dunha familia nobre, morreu en marzo de 977 no mosteiro de Celanova, canonizado a finais do século XII e honrado por toda a Igrexa, chegou onte a Ferrol, ás doce do mediodía, nun Ford Galaxy de cor gris. Os seus restos (reliquias ó tratarse dun santo), reposan habitualmente nunha urna de prata no altar maior do cenobio onde faleceu. Con motivo do ano xubilare que se celebra no XI aniversario do seu nacemento, visita varios lugares onde a súa pegada foi máis importante.

Hoxe deixa a cidade camiño de Vilaiba, Viveiro, Poz e Ribadeo. O sábado chegará a Mondoñedo, onde se lle rendará tributo en varios templos antes da súa marcha cara a Celanova, xa o domingo. As súas reliquias só deixaran o mosteiro nunha ocasión anterior, en 1966, e para ir a Mondoñedo.

No adro da concatedral de San Xiao recibiu os seus restos o bispo da diocese, Manuel Sánchez Monge, acompañado por trece sacerdotes máis os dozas que se encargaron do transporte (conducía José Rey, párroco de Santa Mariña do Monte e de San Sadurniño e responsable da Pastoral da Estrada). Despois de retirar a urna da parte traseira do auto levouse, en andas, ó interior, onde ducias de feis recitaron oracións e incluso cantaron un par de retouros. Din así: "Rosendo Pastor e Apóstolo, nas terras de Mondoñedo, alicerce de esperanza, guiteiro para os galegos. En luso berce naciches, para en Galicia morar, facendo dela túa casa, e en Celanova quedar".

Na súa homilía, o bispo referíuse ó labor evangelizador de San Rosendo, que fundou varios mos-

HOMENAXE

As campás das igrexas soaron ó paso da procesión cos restos do santo cara á capela das Escravas

teiros (a obra máis importante da súa vida foi a abadía de Celanova), reforzou os que xa había como focos culturais e organizadores da vida galega, socorreu ós pobres e loitou contra os últimos restos da escravitude. "San Rosendo está ligado, antes que nada, á historia da diocese mundonienese, pero o seu influo é tamén decisivo para a vida monástica en Galicia, para as relacións entre as diversas familias que marcaron a historia da nosa terra, e mesmo para a conciencia política de Galicia", explica Segundo López, delegado do Ano Xubilare.

A urna estivo exposta os feis ata o mediodía e desde as 17.00 horas, co Santísimo, ata as 19.30, cando se celebrou unha eucaristía presidida polo bispo coa que se podía obter a indulxencia plenaria concedida polo Papa con motivo deste centenario. As 20.30 horas saíu en procesión cara á capela das Escravas do Santísimo e da Inmaculada. Alí, ás dez da noite, comezou unha viaxía de oración por parte dos relixiosos da diocese. Os actos rematan hoxe ás dez da mañá cunha nova eucaristía e a despedida das reliquias.

Este é o último acto do centenario de San Rosendo que se celebra en Ferrol. Haberá, en Poz, unha exposición de debuxos de Alfredo Eiras. A clausura será o 25 de novembro en Mondoñedo, ás 10.30 horas, cunha eucaristía retransmitida en directo por TVE.



A urna cos restos de San Rosendo chegou a San Xiao ás doce do mediodía

CARLOS CABALLERO



As reliquias chegaron desde Celanova nun monovolumne



Os feis oraron na igrexa tamén pola tarde



Os feis oraron na igrexa tamén pola tarde



Imaxe da eucaristía presidida polo bispo



A urna trasladouse en procesión de San Xiao á capela das Escravas do Santísimo e da Inmaculada

CC